

Las fuentes demográficas [275]

Esquema: Tipos de fuentes demográficas para analizar cuantitativamente la población.




Tabla: Características de las fuentes demográficas para analizar cuantitativamente la población.

Fuente demográfica	Definición	Datos	Temporalidad
El censo	Es el recuento individualizado de la población de un país en un momento determinado.	Sexo, edad, estado civil, lugar de nacimiento, nacionalidad, lengua hablada, nivel de estudios, características económicas, fecundidad femenina, vivienda.	Se realiza cada diez años en los años acabados en 1.
El padrón municipal	Es registro de los vecinos de un municipio.	Nacimientos y defunciones. Altas y bajas residenciales de los vecinos.	Es actualizado el 1 de enero de cada año.
El registro civil	Anota nacimientos, defunciones y matrimonios.	Permite elaborar las estadísticas del movimiento natural de la población.	Diaria
Las estadísticas	Recopilan datos procedentes de diversas fuentes.		
Las encuestas	Ofrecen información más detallada sobre muestras más concretas.	Anuarios Estadísticos del INE.	Anual
		Estadísticas de Variaciones Residenciales.	Anual
		Encuesta de Población Activa.	Trimestral

INDICADORES DEMOGRÁFICOS

DENSIDADE DE POBOACIÓN:

A densidade de poboación é a relación existente entre a poboación dun lugar e o espazo que ocupa. Exprésase en hab/km².

$$\text{DENSIDADE} = \frac{\text{POBOACIÓN}}{\text{SUPERFICIE EN Km}^2}.$$

TASA DE NATALIDADE:

É o número de nacementos que se producen nunha poboación, nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TN} = \frac{\text{Nº NACEMENTOS NUN ANO}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

TASA DE FECUNDIDADE:

Indicador demográfico que mide o número de fillos por muller en idade fértil ou xenésica (15 – 49). Para garantir un crecemento positivo é preciso 2'1 fillos por muller.

$$\text{TFX} = \frac{\text{Nº NACEMENTOS NUN ANO}}{\text{Nº de MULLERES entre 15 e 49 ANOS}} \times 1000$$

TASA DE MORTANDADE:

É o número de pasamentos que se producen nunha poboación, nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TM} = \frac{\text{Nº DEFUNCIÓNS NUN ANO}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

TASA DE MORTANDADE INFANTIL:

Indicador demográfico que mide o número de falecidos, menores dun ano, respecto dos nados nun lugar determinado ao longo dun ano, por cada mil habitantes.

$$\text{TMI} = \frac{\text{Nº DEFUNCIÓNS MENORES 1 ANO}}{\text{Nº de NADOS AO LONGO DO ANO/LUGAR}} \times 1000$$

CRECEMENTO NATURAL ou CRECEMENTO VEXETATIVO:

É a diferenza entre o número de nacementos e o número de defuncións, nunha poboación, nun momento dado. Pódese calcular de dous xeitos.

$$\text{TCN} = \text{T. Nat} - \text{T. Mort.}$$

$$\text{TCN} = \frac{\text{CN}}{\text{POBOACIÓN TOTAL}} \times 1000$$

CRECEMENTO REAL DA POBOACIÓN:

É o resultado do crecemento natural mais o saldo migratorio

$$\text{CR} = \text{CN} + \text{SM}$$

SALDO MIGRATORIO:

É a diferenza entre a poboación emigrante e a poboación inmigrante. É **positivo** se é superior o número de inmigrantes e **negativo** se é superior o número de emigrantes.

$$\text{SM} = \text{INMIGRANTES} - \text{EMIGRANTES}$$

Pautas para interpretar una Pirámide de Población




Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Definición:



Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011.
Instituto Aragonés de Estadística.

La **pirámide de población** es un tipo de gráfico de barras horizontales denominado histograma de frecuencia que recoge la frecuencia con que se repite un determinado fenómeno dentro de cada uno de los diversos grupos en los que lo hemos dividido.

En este caso el fenómeno estudiado es la población de un lugar dividida en grupos de edad y sexo (**ESTRUCTURA DEMOGRÁFICA DE LA POBLACIÓN**).

Ejemplo:

Pirámide de población que representa la estructura demográfica de Aragón a 1 de enero de 2011.



Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Fases Principales:

1

LECTURA DEL GRÁFICO: Identificación del gráfico y de sus elementos visibles

2

OPERACIONES PREVIAS A PARTIR DE LA PIRÁMIDE

3

ANÁLISIS DE LOS DATOS EXTRAÍDOS DE LA PIRÁMIDE

4

CONCLUSIONES



ARAP CSECRP

Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Fases Principales:

1

LECTURA DEL GRÁFICO: Identificación del Gráfico y de sus elementos visibles

2

OPERACIONES PREVIAS A PARTIR DE LA PIRÁMIDE

3

ANÁLISIS DE LOS DATOS EXTRAÍDOS DE LA PIRÁMIDE

CONCLUSIONES



ARAP CSECRP

Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud




Elementos del gráfico:

[IZQUIERDA HOMBRES]

[DERECHA MUJERES]

[Lugar y fecha de la pirámide]



Grupos de edad en los que se clasifica la población. Normalmente suelen aparecer grupos de 5 en 5 años hasta los 90 u 95 años a partir de ahí habría un único grupo que englobaría a toda la población restante.

Tanto por ciento de componentes de cada grupo. Partiendo de 0 en la mitad de la gráfica, hacia izquierda y derecha

Puede aparecer también la fuente u origen de los datos.

Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.



Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Fases Principales:

1

LECTURA DEL GRÁFICO: Identificación del Gráfico y de sus elementos visibles

2

OPERACIONES PREVIAS A PARTIR DE LA PIRÁMIDE

3

ANÁLISIS DE LOS DATOS EXTRAÍDOS DE LA PIRÁMIDE

CONCLUSIONES



ARAGON SEC ORP


Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Cálculo año de nacimiento:

Pirámide de Población, ARAGÓN 2011



Año nacimiento

1916
1921-1917
1926-1922
1931-1927
1936-1932
1941-1937
1946-1942
1951-1947
1956-1952
1961-1957
1966-1962
1971-1967
1976-1972
1981-1977
1986-1982
1991-1987
1996-1992
2001-1997
2006-2002
2011-2007

Para explicar las irregularidades de la pirámide necesitamos saber en qué año nacieron cada uno de los grupos, para poder asociarlos a acontecimientos históricos.

Para hacerlo restamos al año de la pirámide las edades de cada grupo:

Ejemplo:

2011 - 0 = 2011
2011 - 4 = 2007
2011 - 5 = 2006
2011 - 9 = 2002
Etcétera...

Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.




Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



División en grupos de edad:

Pirámide de Población, ARAGÓN 2011



Normalmente para analizar las pirámides de población se divide la población en **tres GRANDES** grupos de edad:

- **Mayores** = población ≥ 65 años. Jubilados y por lo tanto población dependiente.

- **Adultos** = Mayores de 16 años, en edad de poder trabajar (en las pirámides cuyos grupos de edad son tomados de 5 en 5 años la división se hace ≥ 15 años).

- **Jóvenes** = población menor de 16, no puede trabajar, por lo tanto es población dependiente (Suele tomarse los < 15 años).

Esta información nos será útil para ver el grado de envejecimiento de la población y el grado de dependencia.

Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.



Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Fases Principales:

1

LECTURA DEL GRÁFICO: Identificación del Gráfico y de sus elementos visibles

2

OPERACIONES PREVIAS A PARTIR DE LA PIRÁMIDE

3

ANÁLISIS DE LOS DATOS EXTRAÍDOS DE LA PIRÁMIDE

CONCLUSIONES



ARAGON SEC ORP


Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud




Forma de la pirámide:

Pirámide de Población, ARAGÓN 2011



Para ayudarnos a definir la forma de la pirámide trazaremos unas líneas que homogenicen el perfil de la pirámide. A partir de ahí señalamos la forma que tiene:



Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.




Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Identificar irregularidades:

Pirámide de Población, ARAGÓN 2011



Entrantes o muescas:

- Fallecimientos masivos (epidemias, guerras...).
- Emigración (qué además produce una generación hueca en los grupos de edad entre 20 y 40 años posteriores).
- Población no nacida debido a las guerras, hambrunas, epidemias... (generación hueca).

Salientes:

- Aumento de los nacimientos (política pronatalista, mejoras económicas...): Baby boom.
- Inmigración (aumentan tanto los estratos intermedios –padres- como los bajos –hijos- ya sean nacidos aquí o no)

Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.



Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Fases Principales:

1

LECTURA DEL GRÁFICO: Identificación del Gráfico y de sus elementos visibles

2

OPERACIONES PREVIAS A PARTIR DE LA PIRÁMIDE

3

ANÁLISIS DE LOS DATOS EXTRAÍDOS DE LA PIRÁMIDE

4

CONCLUSIONES



ARAGÓ SEC ORP


Universidad
Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



Buscar explicaciones:

Pirámide de Población, ARAGÓN 2011



Tras lo anterior buscar explicaciones para los hallazgos encontrados:

- Si se trata de un país envejecido (cúspide ancha) o un país con población joven (base ancha).

- Relación entre población activa y dependiente.

- Sex-ratio o índice de masculinidad (qué grupos presentan más hombres que mujeres y al revés).


- Posibles explicaciones para los salientes y las mellas:

Fuente: Padrón Municipal de Habitantes a 1 de enero de 2011. Instituto Aragonés de Estadística.



Universidad Zaragoza

GRADO DE MEDICINA
Medicina Preventiva y Salud



IDENTIDADE TERRITORIAL

GUIÓN: JUAN LUIS DALDA ESCUDERO – Miguel Castelo Agra.

MARCO XEOGRÁFICO

Galicia forma parte da Iberia Húmida, un dominio xeográfico caracterizado pola temperanza do clima, pola frecuente presenza da choiva e a abundancia de vexetación.

Alén disto, a orientación occidental dominante no noso país presenta diferenzas salientables entre as terras interiores e as fachadas costeiras.

Océano e relevo xeran en Galicia un variado mosaico de microclimas. A influencia da corrente do Golfo proporciona un clima suave e benigno que se vai facendo progresivamente máis duro no interior até dar paso ao dominio da neve nas altas serras que cortan o País galego polo sur e polo oriente.

A serra é un dos elementos dominantes do territorio galego. A dicotomía val-montaña estrutura a Galicia central xunto coas terras de aplanamento, que se abren paso entre as estribacións orientais e occidentais, para chegar á costa atlántica, onde as agras coruñesas presentan unha modelada paisaxe de campos abertos.

Polo sur, as cuncas fluviais do Miño e o Sil conforman unha paisaxe laboriosa e minuciosamente construída pola man do home ao longo do tempo, urxido pola necesidade de xerar novas terras de labor. Mentres que polo norte, os campos da ampla chaira lucense anteceden ás terras mariñáns.

Dende as Rías Altas do Golfo Ártabro, a paisaxe atlántica galega prolóngase cara ao sur a través de Portugal até o Douro, nun conxunto unitario de rías e vales transversais, onde, canto máis meridional, máis nidia resulta a transición cara a variantes climáticas progresivamente máis suaves.

Na Galicia Atlántica, como no Norte de Portugal, a influencia do clima oceánico é moito máis profunda que no Cantábrico; os vales fluviais son moi extensos, e as altitudes por baixo dos trescentos metros penetran en ocasións máis de cen quilómetros no interior, modelando unha paisaxe de encostas suaves, favorable á proliferación e diseminación dos asentamentos humanos.

A ETAPA CASTREXA

Se ben a intervención humana sobre o territorio se produciu con anterioridade, foi na etapa castrexa cando a man do home deixou as pegadas máis salientables e con maior continuidade no tempo.

A civilización castrexa constituíu a primeira forma estable de ocupación do territorio, fenómeno común ao noroeste peninsular. A presenza hoxe de testemuños diversos deixa constancia da continuidade histórica deste fenómeno.

O reparto espacial destes asentamentos non era en absoluto arbitrario e caprichoso. Foron os condicionamentos físicos do territorio os que determinaron en boa medida a súa ubicación.

En Galicia abundan máis na zona das Rías Baixas, arredor do Golfo Ártabro e nos principios vales fluviais, e escasean nas serras orientais e centrais, onde as condicións físicas son máis adversas.

A implantación dos castros nos outeiros e encostas, combinando funcións defensivas e de habitación, explícase na súa dupla consideración de hábitat fortificado e asentamento agrícola.


O hábitat castrexo deixou unha importante pegada de formas aterrazadas e arredondadas, circulares ou ovais, promovidas por unha axeitada adaptación ao medio natural.



A PRESENZA ROMANA



FIGURA 1
Provincias romanas de Hispania
(división de Diocleciano: 297 d.C.)




A creación de cidades e o establecemento dunha importante rede de calzadas foi a principal contribución da civilización romana ao proceso constitutivo da identidade territorial de Galicia. A orixe destes novos asentamentos responde a novas funcións, tanto comerciais e administrativas, como coloniais e defensivas.

A presenza romana caracterizouse tamén por ter respectado tanto as formas herdadas, os castros, como as denominacións toponímicas. Así mesmo a pervivencia e continuidade histórica das realizacións romanas poñen de manifesto a bondade e coherencia das mesmas.

As principais novidades da Gallaecia romana foron as cidades e as “villae”, novas explotacións agrarias de fondo de val, que contribuíron ao paulatino abandono dos castros.

Se ben as pesquisas efectuadas até hoxe non permiten afirmar unha xeneralización destes asentamentos, aínda e doado atopar restos arqueolóxicos romanos en boa parte de Galicia.



A IDADE MEDIA

Os cambios que se obraron na Idade Media foron tan importantes como duradeiros, até o punto de que é posible afirmar que o aspecto común que adoptou o territorio na etapa medieval non resultou moi desemeellante do que presentaba Galicia a mediados do século XX.

Foi coa implantación dun pobo bárbaro, os suevos, cando as terras do noroeste peninsular

obtiveron unha unidade política diferenciada, sendo neste período cando se xeneralizou o cristianismo entre a poboación. Este feito habería de traer consigo a aparición dunha nova institución que articularía a vida das pequenas comunidades campesinas: a parroquia.

En orixe relixiosa, a parroquia converteuse no centro da vida rural. As actividades económicas e o mundo de relacións sociais xiraron arredor desta nova institución.

A parroquia foi dende aquela e até os nosos días, un claro referente da estruturación territorial galega e portuguesa, onde se lle denomina freguesía.



A orografía e o clima influíron dun xeito determinante na distribución das parroquias. A disposición e asentamento dos núcleos parroquiais foi máis frecuente e denso nas bacías e vales fluviais, onde as terras son máis produtivas, que nas serras, nas que as dificultades climáticas e de relevo son sempre maiores.

O número de parroquias mantívose con escasas variacións desde a Idade Media até a época actual, e a súa distribución no territorio foi moi semellante á da etapa castrexa.


Sen carácter administrativo nin personalidade xurídica, a parroquia constituíuse como unha unidade social, cultural e xeográfica perfectamente delimitada e xeralmente composta por varias aldeas, unidade menor que a partir da Idade Media se converte no elemento esencial da paisaxe galega.

Rede fundamental de poboamento, a aldea non é só o núcleo construído ou o conglomerado habitacional. Ademais do entramado de edificacións, a aldea constituíana tamén a malla de camiños, as agramas de labor e os prados e montes.

A aldea é, xa que logo, a célula básica de explotación do espazo agrario, enxertada na parroquia.

O incremento poboacional que se deu a partir do século XI promoveu a creación de novas entidades de distinto rango, tamaño e importancia. Nacen así as vilas novas, os vilares, os lugares e as grañas, novos asentamentos que van tecendo unha xerarquía que se mantén no decurso do tempo e da que aínda hoxe é doado encontrar exemplos.

A este feito non é allea a presenza dos mosteiros. Cunha notable implantación na Galicia da época, os cenobios foron os verdadeiros impulsores do proceso de colonización de novas terras



A creación de Santiago de Compostela, coa conseguinte aparición do fenómeno das peregrinacións, e o renacer urbano producido nos séculos do Baixo Medievo, constituíron feitos cruciais no desenvolvemento do proceso da identidade territorial. Renaceu o comercio e a súa presenza orixinou a creación de novas cidades e vilas, algunhas delas costeiras.



E, máis alá do establecemento dunha nova rede viaria ou da creación de pequenos burgos, a presenza do Camiño de Santiago provocou a aparición de novas formas de asentamento.

En moitos casos, estes asentamentos adoptaron unha fasquia lonxitudinal, dispoñéndose ao longo do vial, co obxectivo de cumprir coa nova función asistencial aos peregrinos.



OS TEMPOS MODERNOS

No inicio dos tempos modernos, malia a catividade poboacional das cidades galegas, a importancia demográfica do Reino de Galicia no conxunto do Estado era notable.

No século dezaseis as cidades experimentaron importantes cambios. De entre todas foron Pontevedra e Santiago as que se constituíron como as vilas máis populosas.

As modificacións que nestes séculos se experimentaron no ámbito do transporte e da economía trouxeron como consecuencia o progresivo reforzamento do peso demográfico do litoral fronte ao do interior.

A partir do S. XVII, a penetración costeira do millo, procedente de América, constituíu a razón máis poderosa dos cambios demográficos.

A adopción deste cultivo, logo reforzado co da pataca, modificou, así mesmo, as densidades de poboación e a configuración da paisaxe agrícola, sendo perceptibles tres áreas claramente diferenciadas:

- **A zona costeira do Sudoeste**, que adoptou o millo de xeito intensivo complementándoo coa gandería e coa presenza de áreas vitivinícolas.
- **O litoral de Fisterra a Ribadeo**, a Galicia das agras e das paisaxes abertas, cunha menor presenza do millo e unha significativa riqueza agropecuaria, onde se mantiveron en maior medida as prácticas colectivas.
- E a chamada **Galicia interior**, de condicións climáticas máis duras, cunha agricultura extensiva na que domina o centeo e a presenza de incultos e prados, e as bisbarras de monocultivo vitivinícola como as ribeiras do Miño, o Sil e o Avia ou o Val de Monterrei.

O SÉCULO XX

A ruptura do equilibrio entre poboación e recursos, que comezou a se patentizar xa no século XVIII, desembocou na aparición do fenómeno migratorio, que supuxo a saída de máis dun millón douscentos cincuenta mil galegos entre 1860 e 1970, coa conseguinte perda de peso demográfico de Galicia no conxunto do Estado.

Con posterioridade, as cidades comezaron a reforzar o seu peso poboacional e económico no marco territorial galego, proceso que caracterizou ao século XX como o período da definitiva urbanización do país.

Foi neste mesmo século cando as sete cidades multiplicaron por seis a súa poboación, namentres que Galicia aumentou en vez e media.

Coa chegada dos anos sesenta, Galicia padece de novo os efectos intensos da diáspora, a partir de agora encamiñada a Europa.

O desenvolvemento territorial no que está inmersa Galicia dende aquela vén marcado polo reforzamento do peso das cidades e da industria, a modernización dos servizos e a crise da sociedade agraria tradicional, que provoca cambios no uso da terra e importantes movementos de poboación.

O ESTADO DAS AUTONOMÍAS

Coa chegada da democracia, o reforzamento do poder municipal e a creación das institucións de autogoberno, os poderes centrais ceden parte da súa capacidade de decisión. Como resultado deste proceso, a responsabilidade do ordenamento territorial e urbanístico pasa a residir, no fundamental, en Galicia.

Esta etapa recente supuxo, asimesmo, a construción de novas infraestruturas e a dotación de importantes equipamentos culturais, educativos e sanitarios nas nosas vilas e cidades, actuacións financiadas por orzamentos locais e autonómicos e a contribución de fondos europeos.

Non obstante, os resultados no tocante ao urbanismo e á conservación e ordenación da nosa paisaxe e territorio distan de ser satisfactorios.

A ocupación indiscriminada de paisaxes agrarias e costeiras, a excesiva densificación de cidades e vilas, o abandono, destrución e falta de protección dos núcleos históricos e o caos urbano, son os principais motivos de preocupación.

A estas prácticas non son alleos os problemas derivados do crecemento incontrolado e dos fluxos de poboación que se están a producir. Non é de estrañar que a conxestión do tráfico ou a mala calidade do transporte público se teñan convertido en motivos de fonda preocupación cidadá.

Aínda así, nos últimos anos son perceptibles no noso país exemplos de boa xestión municipal, respaldada pola cidadanía, que demostran que na Galicia de hoxe pode existir potencial de creación sen destrución.

Propostas e actuacións coma as de Allariz e Santiago, que acadaron recoñecemento internacional como boas prácticas urbanas, poñen de manifesto que o respecto a identidade non é incompatible coas formas contemporáneas de arquitectura e urbanismo.

Pero estes resultados só son posibles se existe unha visión planificada e de conxunto, unha valoración do construído e unha decidida concepción do valor dos espazos públicos e do patrimonio cultural na construción da cidade de hoxe, un espazo que non pode ser entendido só como un mero amoreamento de construcións destinadas a dar solucións ao problema da vivenda.

Así as cousas, vén sendo urxente a superación de limitadoras concepcións localistas, que ao fragmentar e parcelar un territorio plenamente interrelacionado, non dan verdadeiras solucións aos problemas dos cidadáns.

A EUORRREXIÓN GALICIA – NORTE DE PORTUGAL

Por outra banda, non se debe ignorar que o desenvolvemento das cidades está a artellar espacialmente o conxunto do país e é o mecanismo que funciona como motor de crecemento económico.

Convén, así mesmo, prestar a debida atención á consolidación dun sistema de cidades e rexións urbanas que percorre a dorsal atlántica dende Ferrol a Vigo e Tui, alongándose de xeito semellante até Porto, alén do Miño.

Este espazo xeográfico, cultural e económico constitúe a Eurorrexión formada por Galicia e o Norte de Portugal.

Cunha poboación superior a seis millóns de habitantes, similar á de Cataluña, esta Eurorrexión conta cun sistema policéntrico de grande dinamismo, nucleado por diferentes cidades arrodeadas de periferias difusas, que dotan a todo o conxunto dunha grande continuidade espacial.

No espazo xeográfico portugués desta Eurorrexión, pódense identificar tamén algúns dos elementos da identidade territorial galega, anteriormente subliñados:

- Morfoloxía atlántica;
- Estratos sucesivos de poboamento castrexo, romano e medieval;
- Presenza dominante das pequenas aldeas, freguesías e parroquias;
- Catividade das cidades;
- E carácter serodio da urbanización.

No Noroeste peninsular ningunha cidade, nin sequera Porto, se pode postular coma a única grande metrópole.

Hoxe en día, a idea da xestión coordinada da rede de cidades da área vaise conformando como unha clara alternativa de futuro. Todas elas, conxuntamente, constituirían a grande metrópole do Noroeste.

Ante esta nova realidade, acadar un anovador ordenamento do territorio precisará, tamén, doutros esforzos:

- Saber valorar os pequenos núcleos existentes poñéndoo en relación cos grandes.
- Procurar a axeitada integración das periferias difusas, antes rurais, nas cidades compactas.
- E intentar captar as pegadas da nosa identidade territorial procurando reinterpretalas dun xeito modernizador.

Todos eles son exemplos da inescusable tarefa que temos por diante para sentar as bases dunha necesaria racionalización do noso xeito de ocupar o territorio.

